

Instrución III/2019 da Xerencia referente aos criterios de actuación no proceso de eleccións sindicais do persoal da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Iniciado o proceso para a elección de representantes sindicais nas Xuntas de Persoal e Comités de Empresa de persoal funcionario e laboral da USC nos Campus de Santiago e Lugo, oídas as organizacións sindicais promotoras, para xeral coñecemento procede ditar a seguinte instrución:

1. Normativa de aplicación.

O proceso electoral rexerese pola seguinte normativa:

- **Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro** (BOE do día 31) polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP)
 - Capítulo IV, art. 31 a 46: Dereito á negociación colectiva, representación e participación institucional. Dereito de reunión.
- **Lei 9/1987, do 12 de maio** (BOE do 17 de xuño), de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas.
 - Lei derogada pola disposición derogatoria única do EBEP, agás o seu **artigo 7** (parcialmente modificado polas Leis 18/1994 e 21/2006).
 - A disposición transitoria quinta do EBEP: Procedemento Electoral Xeral di: “En tanto se determine o procedemento electoral xeral previsto no artigo 39 do presente Estatuto, manteranse con carácter de normativa básica os seguintes artigos da Lei 9/1987, de 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas: **13.2, 13.3, 13.4, 13.5, 13.6, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 25, 26, 27, 28 y 29.**”
- **Real decreto 1846/1994, do 9 de setembro** (BOE do día 13), polo que se aproba o regulamento de eleccións aos órganos de representación do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.
- **Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro** (BOE do día 13), polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET)
 - Capítulo I do Título II: Do dereito de representación colectiva (Arts. 61 a 76).
- **Real decreto 1844/1994, do 9 de setembro** (BOE do día 13), polo que se aproba o regulamento de eleccións a órganos de representación dos traballadores na empresa.

2. Determinación do número e distribución das Mesas electorais:

Campus de Santiago de Compostela

Persoal Docente e Investigador Funcionario

| Mesa | Censo | Localización Mesa |
|------------|---|--|
| Mesa nº 1 | Fac. de Bioloxía/Fac. Matemáticas/ETS de Enxeñería | Fac. de Bioloxía |
| Mesa nº 2 | Fac. de Dereito/Fac. CC Políticas/Fac. Relacións Laborais | Fac. de Dereito |
| Mesa nº 3 | Fac. de Farmacia | Fac. de Farmacia |
| Mesa nº 4 | Fac. CC da Educación Campus Vida/ Fac. Psicoloxía | Edificio Central Fac. CC da Educación e Fac. Psicoloxía |
| Mesa nº 5 | Fac. de Física/Facultade de Óptica e Optometría | Fac. Física |
| Mesa nº 6 | Fac. de CC Económicas/Facultade de Enfermería/Fac. CC. Educación Campus Norte | Fac. CC Económicas e Empresariais |
| Mesa nº 7 | Fac. de Filoloxía/Fac. CC Comunicación | Fac. de Filoloxía |
| Mesa nº 8 | Fac. de Medicina e Odontoloxía | Fac. Medicina e Odontoloxía |
| Mesa nº 9 | Fac. de Química | Fac. Química |
| Mesa nº 10 | Fac. Xeografía e Historia/Fac. Filosofía | Fac. Xeografía e Historia |

Persoal Docente e Investigador Laboral

| Mesa | Censo | Localización Mesa |
|------------|--|-----------------------------------|
| Mesa nº 11 | Fac. de CC Económicas/Facultade de Enfermería Fac. de Filoxía/Fac. CC Comunicación Fac. de Medicina e Odontoloxía CC da Educación Campus Norte | Fac. CC Económicas e Empresariais |
| Mesa nº 12 | Fac. Xeografía e Historia/Fac. Filosofía | Fac. Xeografía e Historia |
| Mesa nº 13 | Fac. de Bioloxía/Fac. Matemáticas/ETS de Enxeñaría Fac. de Dereito/Fac. CC Políticas/Facultade de Relacións Laborais Fac. de Farmacia/Fac. CC Educación Campus Vida/Fac. Psicoloxía Fac. de Física/Facultade de Óptica e Optometría/Fac Química | Fac. de Bioloxía |

Persoal Funcionario de Administración e Servizos

| Mesa | Censo | Localización Mesa |
|------------|--|--|
| Mesa nº 14 | Persoal Funcionario de Administración e Servizos | Colexio de San Xerome – Salón de Graos |

Persoal Laboral de Administración e Servizos

| Mesa | Censo | Localización Mesa |
|------------|--|--------------------|
| Mesa nº 15 | Persoal Laboral Técnicos e Administrativos | Comedor de Fonseca |
| Mesa nº 16 | Persoal Laboral Especialistas e non cualificados (A-L) | Comedor de Fonseca |
| Mesa nº 17 | Persoal Laboral Especialistas e non cualificados (M-Z) | Comedor de Fonseca |

Campus de Lugo

Persoal Docente e Investigador Funcionario

| Mesa | Censo | Localización Mesa |
|-----------|---|-----------------------------|
| Mesa nº 1 | Escola Politécnica Superior/Fac. Veterinaria/Fac. Humanidades/Facultade de Formación do Profesorado | Escola Politécnica Superior |
| Mesa nº 2 | Fac. Ciencias/Fac. Administración e Dirección de Empresas | Facultade de Ciencias |

Persoal Docente e Investigador Laboral

| Mesa | Censo | Localización Mesa |
|-----------|---|-----------------------------|
| Mesa nº 3 | Escola Politécnica Superior / Fac. Veterinaria / Fac. Humanidades / Fac. Ciencias / Fac. Administración e Dirección de Empresas / Facultade de Formación do Profesorado | Escola Politécnica Superior |

Persoal Funcionario de Administración e Servizos

| Mesa | Censo | Localización Mesa |
|-----------|--|-------------------|
| Mesa nº 4 | Persoal Funcionario de Administración e Servizos | Vicexerencia |

Persoal Laboral de Administración e Servizos

| Mesa | Censo | Localización Mesa |
|-----------|--|-------------------|
| Mesa nº 5 | Persoal Laboral Técnicos e Administrativos | Vicexerencia |
| Mesa nº 6 | Persoal Laboral Especialistas e non cualificados | Vicexerencia |

3. Información xeral:

- As mesas coordinadoras do persoal funcionario e as centrais do persoal laboral do Campus de Santiago teñen a súa sede na Xerencia da USC (Casa da Balconada), e as mesas centrais correspondentes ao persoal laboral do Campus de Lugo téñena na Vicexerencia. Estas mesas son as encargadas da organización e o desenvolvemento do proceso electoral.
- Os cargos de presidenta/e, vogal e secretaria/o, tanto das mesas centrais e coordinadoras coma das mesas electorais, son irrenunciabes.
- As comunicacións dirixidas ás mesas coordinadoras e centrais deberán dirixirse á presidencia da mesa que corresponda preferentemente a través do Rexistro Electrónico da USC, presentando unha solicitude xeral (<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/rexistroEntrada/acceso.htm>) ou de non ser posible a través do Rexistro Xeral (Colexio de San Xerome – Campus de Santiago; Edificio Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros – Campus de Lugo)
- As mesas electorais de votación comparecerán o día 9 de maio de 2019, ás 10:00, nas dependencias dos centros sede de cada mesa electoral.
- As instrucións para exercer o voto por correo atópanse no seguinte enderezo da páxina da xerencia:
<http://www.usc.es/gl/gobierno/xerencia/eleccionssindicais/2019.html>
- As votacións terán lugar o día 9 de maio de 2019, entre as 10:30 e as 19:00
- **Permisos.** Tendo en conta que a participación nas eleccións sindicais constitúe o cumprimento dun deber de carácter público, concederanse os seguintes permisos:
 - **Compoñentes das candidaturas.** Durante a campaña electoral aplicarase un réxime de flexibilidade horaria co fin de que poidan asistir ás xuntanzas e actos electorais que se convoquen, previo aviso aos responsables das súas unidades de destino.
 - **Compoñentes das mesas e representantes da Administración.** Gozarán de permisos polo tempo necesario para asistir ás xuntanzas. Disporán así mesmo dun permiso retribuído de xornada completa no día da votación e unha redución de cinco horas na súa xornada de traballo do día inmediatamente posterior.
 - **Interventoras/es e apoderadas/os das candidaturas.** Gozarán de permiso durante todo o día da votación e dunha redución de cinco horas de xornada na data inmediatamente posterior.
- **Electoras/es.** Terán dereito a dúas horas de licenza para asistir á votación.
- **Coordinación xeral.** Désígnase á vicexerenta con competencias na área de persoal, que será a encargada de harmonizar os criterios de actuación da Universidade neste proceso.

- **Representantes da Administración.** A Xerencia designou unha representante da Universidade nas mesas coordinadoras e centrais en cada Campus para asistir ás votacións e ao escrutinio e velar polo correcto desenvolvemento dos procesos electorais, especialmente no relativo á publicación nos taboleiros de anuncios da acta global do escrutinio e á remisión dunha copia da mesma á Oficina Pública Autonómica e á Xerencia da Universidade.

Por parte da Xerencia solicítase a colaboración de todas/os as/os decanas/os, directoras/es, secretarias/os de centros e responsables de servizos e unidades da Universidade durante o proceso electoral.

Para máis información, pode consultar:

<http://www.usc.es/gl/goberno/xerencia/eleccionssindicais/index.html>

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2019

O xerente,

Antonio Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/03/2019 13:03:10.

CSV: C64A-D03C-4A6F-942D